

**ANUNCIO DE LICITACIÓN PARA CONTRATACIÓN DO
SUBMINISTRO DE “ÁRIDOS PARA OS TRABALLOS DAS BRIGADAS DO
SERVIZO DE CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DO CONCELLO
DA ESTRADA PARA O ANO 2017”**

Data de publicación do anuncio no Perfil do Contratante: **3 de maio de 2017.**

1º.-Entidade adxudicadora:

a).-Organismo: Concello da Estrada

2º.-Obxecto do contrato.

a).-Obxecto: subministración de áridos para o servizo de conservación de infraestruturas para reparar vías e instalacións de propiedade municipal durante o ano 2017.

b).-Duración: ata o 31 de decembro de 2017, ou ata o remate da partida orzamentaria destinada a este contrato. Tendo, o mesmo, a posibilidade de prorrogarse por outro ano máis.

3º.-Tramitación e procedemento.

a).-Tramitación: Ordinaria.

b).-Procedemento: Negociado sen publicidade.

c).-Criterios de adxudicación: Os previstos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

4º.-Orzamento base de licitación:

Importe: establécese como compoñente básico a subministración do material a pé de obra e cas características segundo se indica no parágrafo seguinte:

- ✓ Prezo por metro cúbico de zorra é de 16,10 euros €/m³ máis o 21% IVE (3,38 euros), resultando un total de 19,48 €/m³ IVE incluído.
- ✓ Prezo por metro cúbico de area é de 25,25 €/m³ máis o 21% IVE (5,30 euros) resultando un total de 30,55 €/m³ IVE incluído
- ✓ Prezo por metro cúbico de gravilla 3/6 lavada é de 18,20 €/m³ máis o 21% IVE (3,82 euros) resultando un total de 22,02 €/m³ IVE incluído

En consecuencia o valor estimado do contrato ascende á cantidade de 20.661,16 euros IVE excluído. O orzamento máximo do contrato é de 25.000,00 euros anuais, IVE (21%) incluído.

5º.-Garantías:

a).-Provisional: Non se esixe.

b).-Definitiva: 5 % do importe de adxudicación excluído o IVE.

6º.-Requisitos específicos do contratista:

- a) Clasificación (grupo, subgrupo e categoría): non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional, no seu caso, de acordo co establecido no TRLCSP.
- c) Outros requisitos específicos: Non se prevén.

7º.--Obtención de documentación e información,

O Prego de prescripcóns técnicas e o de cláusulas administrativas particulares atópanse a disposición dos interesados no Perfil do Contratante da páxina web do Concello da Estrada (www.aestrada.com).

Información relativa aos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares poderá obterse na Secretaría do Concello.

8º.-Presentación das ofertas:

- a).-Prazo de presentación: 7 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Perfil do Contratante.
- b).-Data límite de presentación: 12 de maio de 2017.
- c).-Modalidade de presentación. Presencial ou por correo.

9º.-Lugar de presentación de documentación:

- a).-Entidade: Rexistro Xeral do Concello de A Estrada.
- b).-Enderezo: Praza da Constitución nº 1
- c).-Localidade e Código Postal: A Estrada. CP 36680.
- d).-Teléfono: 986 57 01 65.
- e).-Fax: 986 57 14 69

A Estrada 3 de maio de 2017.
O ALCALDE,

Asdo. José C. López Campos.

